


## Por que innovar?

O feito de estar nun sector disruptivo obriga a situarse na vangarda tecnolóxica, por iso é polo que Renowattio investise en I+D+i **como motor de cambio para facilitar as transicións de novos modelos de negocio de forma máis eficiente e produtiva.**


Durante estes últimos anos participamos en tres proxectos innovadores coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Xunta.

Cada un deles co denominador común da **innovación e desenvolvemento de solucións para mellorar a eficiencia no uso final da enerxía:** Innobiorresiduos, Geo4Radon, e Alfiller.

Esta aproximación á innovación baseouse fundamentalmente na relación a través de contactos persoais, acudindo a Universidades e Centros tecnolóxicos, que foron **xerando oportunidades de colaboración e transferencia coas distintas empresas coas que interactuamos.**



*Todo o que hai que saber sobre innovación está nos nosos cadernos, bota un vistazo.*



*Coñece outras historias de éxito da innovación galega protagonizadas por pemes.*

**Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.**

**Programa de impulso á innovación nas pemes**

**Área de Servizos**

**Axencia Galega de Innovación**

981 957 300

gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

gain@xunta.gal



<http://gain.xunta.gal>



PROGRAMA  
**IMPULSO  
Á INNOVACIÓN**  
nas Pemes

## Renga Enerxía, S.L

*“Tivemos que **recolocarnos ante a freada da evolución do sector das renovables e abordar un novo enfoque**”*

Renga Enerxía é un modelo enerxético baseado en fontes autóctonas de enerxías renovables respectuosas co medio ambiente en Galicia. A súa actividade principal é a dedicación ao estudo, desenvolvemento e instalación de sistemas **altamente eficientes** baseados na aplicación de enerxías renovables. O obxectivo é reducir o consumo enerxético que permita abordar aos Concellos galegos o reto demográfico no que se atopan.





RENGA ENERGÍA, S.L

# A transición enerxética local en Galicia

NOME: RENGA ENERGÍA, S.L

LOCALIZACIÓN: ALLARIZ, OURENSE

INICIO ACTIVIDADE: 2010

SECTOR: ENERXÍAS RENOVABLES



Quen lle ía a dicir a Rodrigo Díaz e a Juan Pena que, despois de máis de dúas décadas traballando en grandes multinacionais por todo o mundo, o seu destino profesional ía estar moi pegado ás súas orixes, nos pobos ourensáns do interior galego. O azar quixo poñelos en contacto e a súa paixón polas enerxías renovables e a sustentabilidade fixo o resto.

Estes dous profesionais dedicaron moitas horas para debater sobre as distintas tecnoloxías emerxentes e a súa posible adaptación a cada contorna que visitaban. Así se afianzou a idea de levar adiante o proxecto Renowattio, coa creación da empresa Renga Enerxía, para ofrecer servizos de enxeñería

e consultoría no sector das enerxías renovables.

No papel todo parecía que ía ir moi rodado. Coa experiencia atesourada e o crecente interese por este tipo de enerxías, todo apuntaba a un futuro bastante alentador. Como explica o CEO de Renga Enerxia, Juan Pena, "é certo que nos inicios cumpríronse algúns dos bos agoiros, e puidemos gozar co desenvolvemento das primeiras plantas fotovoltaicas, a participación en deseños de centrais termosolares e ata incursións na enerxía eólica, da que Galicia é todo un referente".

Pero no ano 2010 aínda había moitas cousas por definir no sector das enerxías renovables, xa que **nin o mercado nin a regula-**

## “Reorientamos a estratexia dunha visión macro a unha visión micro do negocio”

**ción estaban aínda preparados.** Como explica Juan Pena "tivemos que recolocarnos ante a freada da evolución do sector das renovables e abordar un novo enfoque. Pasar dunha visión macro a unha visión micro do negocio. Pasar de operacións de desenvolvemento de plantas de enerxías renovables a ofrecer servizos de eficiencia e aforro enerxético para os Concellos galegos. Un cambio radical"

Esta adaptación permitiu a Renga Enerxía ter unha perspectiva máis ampla, e obrigoulles a ter unha **orientación flexible e dinámica** do negocio. **Actitudes** que se converteron en comportamentos **naturais** na cultura da empresa e que conservan co paso do tempo. Os seus fundadores **aprenderon a moverse áxilmente como unha micropeme** para cambiar o seu enfoque do negocio e sortear o parón do mercado das enerxías renovables.

Ser unha empresa pequena, pero á vez intensiva en coñecemento condicionou a súa estratexia empresarial. Renga Enerxía involucrouse desde os seus inicios en



actividades innovadoras para forzar o inevitable cambio enerxético, sen esquecer en ningún momento a responsabilidade e os vínculos cos Concellos galegos que se enfrontan ao reto demográfico ofrecéndolles servizos de substitución de iluminación pública por tecnoloxía LED con telexestión e funcionalidades de IoT, melloras na eficiencia das depuradoras, obras de xeotermia, aerotermia e instalacións solares fotovoltaicas de autoconsumo, para reducir a factura eléctrica.

O obxectivo de Renga Enerxía a través da súa plataforma Renowattio é seguir avanzando no que se podería denominar a **Transición Enerxética Local**, facendo accesible a todo o territorio as enerxías renovables, acompañando aos pobos e cidades cara a un modelo enerxético sustentable, onde a xeración de enerxía limpa e a redución dos consumos enerxéticos innecesarios sexa unha realidade.